

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO .- Núm. 16**

### **CONVOCATORIA**

ORDE DO DIA para a sesión ORDINARIA que terá lugar o día 28 de NOVEMBRO de 2016, ás NOVE HORAS, no salón de Plenos deste Concello.

### **PARTE RESOLUTIVA**

- 1.- Actas anteriores:** (sesión extraordinaria do 13.09 e ordinaria do 3.10.2016).

#### **Declaracións institucionais.**

- 2.-** Declaración Institucional polo 25 de novembro “Día Internacional da eliminación da violencia contra as mulleres”. Expte.7397/224 (Rexistro Pleno 1457/1101).

#### **Ditames das comisións informativas:**

##### **RÉXIME INTERIOR, SEGURIDADE E MOBILIDADE**

- 3.-** Proposta de acordo de supresión dunha dedicación parcial de 26 e a creación dunha de 30 horas. Expte. 1443/110 ( 1459/1101)

#### **Mocións:**

- 4.-** Moción do grupo municipal Socialista desaprobando a omisión do Presidente da Xunta de Galicia, da conexión en Alta Velocidade Vigo-Ourense por Cerdedo, na súa toma de posesión. Rexistro Pleno 1463/1101.
- 5.-** Moción do grupo municipal Socialista proponendo adherirse á Declaración de París por unha acción acelerada nas cidades de poñer fin así á epidemia da SIDA, para o 2030. Rexistro Pleno 1464/1101.
- 6.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a corrixir tódalas deficiencias en infraestruturas viarias e de seguridade nos accesos e viarios internos do Novo Hospital de Vigo. Rexistro Pleno 1465/1101.

- 7.-** Moción do grupo municipal Socialista instando á Xunta de Galicia a incluír nos seus orzamentos do 2017, unha partida idéntica á que figura nos Orzamentos do Concello de Vigo 2017, ao obxecto de cubrir os patios dos centros educativos da cidade. Rexistro Pleno 1466/1101.

## **PARTE DE CONTROL**

### **Mocións.**

- 8.-** Moción do Grupo municipal de Marea de Vigo instando a creación dunha brigada municipal dependente da área de Patrimonio Histórico para a limpeza e mantemento dos xacementos arqueolóxicos. Rexistro Pleno 1456/1101.
- 9.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno a tomar en consideración as reiteradas propostas deste grupo así como o informe solicitado a un comité de expertos co obxectivo de elaborar un Plan Estratéxico que artelle a rede de museos municipais. Rexistro Pleno 1462/1101.
- 10.-** Moción do Grupo municipal do Partido Popular instando ao goberno municipal, toda vez que xa se cumpríu un ano dende a anulación do PXOM de 2008, a que aporte aos grupos municipais toda a documentación elaborada ata o momento sobre o novo Plan Xeral de Ordenación Municipal. Rexistro Pleno 1467/1101.

### **11.- Formulación de rogos.**

### **12.- Formulación de preguntas.**

## **DECRETO DE CONVOCATORIA:**

Examinada a relación de asuntos precedentes correspondentes ós expedientes concluídos para a súa inclusión na orde do día, convócase ó Pleno da Corporación para ter lugar sesión ORDINARIA no salón de Plenos ás NOVE HORAS do día VINTEOITO, para resolver os asuntos da devandita relación.

Se na primeira convocatoria non existira o quorum necesario, entenderíase convocada a sesión automaticamente á mesma hora dous días despois.

Notifíquese ós Sres. e Sras. membros da Corporación para a súa concorrencia puntual ó acto e fágase público no taboleiro da Casa do

Concello ós efectos de información.  
am

Vigo, 23 de novembro de 2016

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Álvarez

José Riesgo Boluda.